



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 09 DE FEBREIRO DE 2017.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día 9 de febreiro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 27.01.2017)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 27 de xaneiro ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DO CURSO DE LINGUAXE DE SIGNOS"

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta

Visto o expediente de fixación do prezo público pola realización do curso de linguaxe de signos", esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Fixar o prezo público pola realización do curso de LINGUAXE DE SIGNOS en 25,00 euros.
- Expoñer ó público o presente acordo en virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar dita proposta.

PUNTO 3.- SUBVENCÍONS

Dase conta das Bases Reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercizo 2017 publicadas pola Deputación Provincial de Pontevedra no Boletín Oficial da Provincia de data 2 de febreiro de 2017.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, vistas estas Bases, adopta o seguinte ACORDO:

1. Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
2. Adherirse ó Plan de servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o 2017, de acordo coas bases establecidas na convocatoria e solicitando as cantidades reflectidas no proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais que se achega que constitúen un total de 59.866,12 EUROS.
3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.
4. Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicacións coa que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet. Comprométese a situar nun lugar visible do propio centro de Servizos Sociais Comunitarios Municipais un cartel informativo que faga constar o cofinanciamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o servizo de axuda no fogar (sexa persoal propio ou por contratación de empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.
5. Autorizar á Deputación de Pontevedra a comprobar o cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e a Seguridade Social.
6. Facultar expresamente o alcalde ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.

Vista a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- solicitar unha subvención ó abeiro desta convocatoria para a Festa da Lagosta.
- financiar o importe que non resulte subvencionado do orzamento ata o importe total da execución.

Vista a Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- solicitar unha subvención para a contratación de un técnico de turismo durante tres meses ao abeiro desta convocatoria e financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total da execución prevista.
- Contratar un titulado medio co seguinte cadro de retribucións segundo o convenio colectivo provincial de oficinas e despachos 2009 - 2012 publicado no BOP nº 187, do 28 de setembro de 2011:

Salario	Parte prop. Pagas extra	Suma conceptos salariais	Cotización empr. a S.S.	Salario + S.S.
1.018,52	339,51	1.358,03	435,93	1.793,96



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Vista a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2017, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, e pola unanimidade dos seus membros ACORDA:

1. Solicitar unha subvención ó abeiro destas bases para a execución da obra "Acondicionamento da terraza da Atalaia como mirador", aceptando das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.
2. Asumir o compromiso de financiar o importe da obra que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata importe total da execución prevista.

Dase conta da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. solicitar unha subvención ó abeiro desta Orde para o proxecto denominado: "ADAPTACION DA INSTALACIÓN ELECTRICA EN BAIXA TENSIÓN EN PAVILLÓN DE DEPORTES EXISTENTE" cun orzamento total de 42.174,38 € (IVE ENGADIDO).
2. Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde.

PUNTO 4.- INFORMES DOS SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 27 de decembro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. C.F.P.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 16 de xaneiro de 2017 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. M^a.C.A.M.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 16 de xaneiro de 2017 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. J.C.S.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 16 de xaneiro de 2017 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. C.G.G..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 25 de xaneiro de 2017 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. P.B.G..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 1 de febreiro de 2017, relativo á ampliación das horas do Servizo de Axuda no Fogar de D. J.G.M. pasando de 21 a 25 horas mensuais dende o 01.02.2017 con cargo a dependencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita ampliación

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello segundo o cal a usuaria D^a. T.L.F. causa alta con data 01.02.2017 no Servizo de Axuda no Fogar con 54 horas mensuais con cargo a dependencia e polo tanto baixa no Servizo de Axuda no Fogar con cargo a libre concurrencia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 2 de febreiro de 2017 relativo ó cambio de titularidade como beneficiario do Servizo de Axuda no Fogar pasando de D. F.R.G. ó seu fillo D. I.R.V.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito cambio.

PUNTO 5.- CUOTAS PRAZA DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XANEIRO de 2017 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro

PUNTO 6.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RE 472 de data 27 de xaneiro de 2017, presentado por Dna. M^a CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ, en representación do Partido Popular da Guarda, solicitando que se lles entregue unha copia do borrador da ordenanza de Emerxencia Social e que se leve a pleno para a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local de Goberno acorda comunicarlle que haxa un borrador que sirva como documento de traballo se lle facilitará.

Dase conta do escrito RE 495 de data 30 de xaneiro de 2017, remitido por SINDICATO FEDERAL FERROVIARIO - SECTOR FERROVIARIO DE GALIZA, solcitando que dende o



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

concello se poñan en marcha iniciativas ante as distintas administracións protestando polos plans de peche dos servizos ferroviarios.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xe foi aprobada unha moción no pleno neste sentido.

Sendo as trece horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.